

Nada novo baixo o sol

Unha vez máis a administración, neste caso imos botarlle a culpa a Función Pública, sácase da manga unha proposta de algo ao que non se lle pode chamar acordo debido a que en ningún caso foi negociado coa parte social.

Desde a inspección pretenden facernos crer que este acordo é bo, necesario e imprescindible para o organismo. E poida que aí estea o truco do trato, en que é bo para o organismo non para o seu persoal ou polo menos para a gran maioría de persoal.

Concretan esta medida en base a dous puntos fortes, creación de postos de traballo e racionalización da estrutura da inspección

Atención preguntas; ¿creación de postos? adiviña cales, ¿racionalización de estrutura? adiviña cal. Se fuches capaz de responder a estas dúas sinxelas preguntas, parabéns xa entendiches a mellora definitiva proposta pola administración.

Se non fuches capaz de responder as preguntas, non te preocupes, anexámosche os documentos para que os vexas e comprobés o calado da mellora definitiva.

Este trágaa da administración supón un avance para unha pequena parte do colectivo de inspectoras e inspectores, un menor avance para o colectivo de subinspectoras e subinspectores e un, nin sequera mínimo, case ridículo avance para o resto de persoal.

Cando vexas os números da medida proposta por función pública comprobaras que ten unha clara orientación e que non aprecia a unha gran parte do persoal, se a todo isto súmaslle que é unha medida imposta e non negociada pois temos o de sempre, un máis do mesmo, un nada novo baixo o sol.

Por iso desde CIG tentamos, ata o último minuto, abrir unha vía de saída que nos permitise negociar algunha mellora concreta, tanxible e realizable nun espazo temporal próximo que desatascase a situación e permitise recoñecer isto como un acordo para todo o persoal e, o que é máis importante, como un punto de partida para futuras melloras.

Pensamos que un dos propósitos máis importantes nunha negociación é atopar necesidades complementarias e superar os obstáculos para que todas as partes negociadoras véxanse reflectidas no acordo.

Pero claro, cos actores que interviñeron nesta comedia iso é imposible, utópico, inviable, inalcanzable, etc. Facendo un pouco de historia lembra que no ano 2021 pechamos un acordo que debería ser tomado como base para sacar adiante a RPT, vendo isto que propón función pública, e que cualifica como definitivo, entendemos aquilo do parecido entre o ovo e a castaña.

E é máis, este documento déixanos claro que función pública non ten ningún interese en que a cidadanía, que é a quen nos debemos, teña unha inspección do século XXI moderna, eficaz e eficiente, máis ben todo o contrario, parece que función pública pretende acabar co servizo e o emprego público.

Cando desde CIG preguntamos polo custo económico e a forma de financiamento desta medida, obtemos como sempre a calada por resposta, onde esta aquilo de negociar de boa fe, aquilo de proporcionar a información necesaria para a negociación.

Seguro que co custo económico desta imposición poderíase chegar a un mellor acordo, a un mais equitativo e que contemplase á maioría do persoal.

Pero claro quen é a parte social?, quen son os representantes legais do persoal? para coñecer uns datos que só unha das partes crese con dereito a manexar, que lles importan a eles as leis e demais normas que rexen as relacións laborais, nin as orgánicas impórtanlles.

Con estas vimbias toca facer cestos e así saen os cestos, uns con tapa e outros non, uns con fondo e outros non, uns con asas e outros non, pero case todos saen mal, para a maioría de empregadas e empregados públicos, para a maioría que non forma parte dese grupo que se cre en posesión da verdade absoluta.

Pero unha vez máis se equivocan, as súas medidas impostas só conducen a un *hartazgo* e a un cabreo do persoal, *hartazgo* e cabreo que contribúe a desprestixiar os organismo públicos, que contribúe a desprestixiar o servizo publico. Só queda preguntarse se ese non será o seu verdadeiro obxectivo.....

En fin, máis do mesmo, máis do de sempre, nada novo baixo o sol